

ORDENANZA FISCAL NÚM. 116

TAXAS POLA PRESTACIÓN DE SERVIZOS NA GARDERÍA MUNICIPAL

ARTIGO 1º. NATUREZA, OBXECTO E FUNDAMENTO.

1. En uso das facultades concedidas nos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e de conformidade co disposto nos artigos 15 a 19 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e artigo 81 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, da Administración local de Galicia, este Concello establece as Taxas pola prestación de servizos na Gardería municipal na presente ordenanza, as normas da cal atenden ó previsto nos artigos 20.4 e 57 do citado Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais.

ARTIGO 2º. OBRIGADOS Ó PAGO

Están obrigados ó pagamento desta taxa os usuarios ou beneficiarios dos respectivos servizos.

ARTIGO 3º. CONTÍA

A contía que corresponde aboar pola prestación dos servizos a que se refire esta ordenanza determinarase segundo a cantidade fixa ou en función dos elementos ou factores que se indican:

1. Ata o 31 de agosto:

Renda “per capita” mensual Cota mensual

| | |
|-----------------------|----------|
| De 0 a 147,23 € | Exento |
| De 147,24 a 245,40 € | 21,35 € |
| De 245,41 a 368,10 € | 53,50 € |
| De 368,11 a 490,80 € | 85,65 € |
| De 490,81 a 739,20 € | 133,90 € |
| De 739,21 € en diante | 149,95 € |

2. Dende o 1 de setembro:

Renda “per capita” mensual Cota mensual

| | |
|-----------------------|----------|
| De 0 a 147,23 € | Exento |
| De 147,24 a 245,40 € | 21,80 € |
| De 245,41 a 368,10 € | 54,70 € |
| De 368,11 a 490,80 € | 87,55 € |
| De 490,81 a 739,20 € | 136,85 € |
| De 739,21 € en diante | 153,25 € |

ARTIGO 4º. OBRIGA DE PAGAMENTO.

A obriga de pagamento nace en xeral dende que se inicie a prestación do servizo.

ARTIGO 5º. DOMICILIACIÓN DE PAGAMENTO

Para os efectos de cobro, os/as usuarios/as que utilicen este servizo terán a obriga de presentar unha conta bancaria ó seu nome, onde se cargarán por adiantado entre os cinco primeiros días de cada mes os recibos correspondentes a cada mensuralidade.

ARTIGO 6º. INCIDENCIAS

1.- A inasistencia da/o usuaria/o durante un período determinado, mentres non se formalice a baixa correspondente, non supón redución ningunha nin exención do pagamento da taxa establecida coas seguintes excepcións:

a) Cando o neno ou a nena por motivos de saúde debidamente documentado deixe de asistir a Escola temporalmente estará exento de aboar a cota mensual desde o primeiro día do segundo mes natural seguinte á data de comenzo do período de ausencia. Esta suspensión temporal durará ata o día primeiro do mes natural en que a/o usuaria/o se reincorpore ó centro. Non obstante, se a reincorporación se produce con posterioridade ó día 15 do mes, a cota correspondente ó dito mes reducirase nun 50%.

b) Nos supostos de solicitudes formuladas fóra do prazo de matriculación por circunstancias sobrevidas debidamente xustificadas, o aboamento da taxa será dende o mes en que se lle concede a praza.

c) Tódolos/as usuarios/as aboarán a contía de once mensualidades por curso, pois o mes de agosto estará pechada a Escola, salvo aqueles que debidamente documentado disfruten de vacacións anuais noutro mes, quedando as mensualidades reducidas a dez e non se lles pasará o recibo correspondente a ese mes.

d) Ó longo do curso poderase proceder á revisión do prezo fixado inicialmente, cando concorran variacións nos seus ingresos, que impliquen unha modificación sustancial na súa capacidade económica. Neste sentido o/a beneficiario/a queda obrigado a comunicar calquera variación que se produza ao respecto.

DISPOSICIÓN TRANSITORIA

As contías reguladas no punto 1 do artigo 3 aplicaranse ata o 31 de agosto do presente ano, e as reguladas no punto 2 do devandito artigo dende o 1 de setembro en diante.

DISPOSICIÓN COMPLEMENTARIA

Para todo o non previsto expresamente nesta ordenanza fiscal será de aplicación directa a regulación contida nos artigos 20 a 27 do Real decreto lexislativo 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba a texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, e as demais normas concordantes de réxime local, e subsidiarimante os artigos 6 a 23 da Lei 8/1989, do 13 de abril, de taxas e prezos públicos e preceptos concordantes da Lei xeral tributaria e da Lei xeral presupostaria. Tamén serán de aplicación directa os preceptos pertinentes da Ordenanza fiscal xeral así como o Regulamento de Réxime Interno da Gardería Infantil Municipal “Serra de Outes”, publicado no BOP de 31 de marzo de 1998.

DISPOSICIÓN FINAL

A presente ordenanza aprobada e modificada respectivamente por acordo do Concello Pleno do 5 de novembro de 2001 e do 26 de decembro de 2007, entrará en vigor o día da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, e comezará a aplicarse a partir do 1 de xaneiro de 2008. Permanecerá en vigor ata a súa modificación ou derogación expresa.

| | |
|----------------------|--|
| PUBLICACIÓN ÍNTEGRA: | BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2001 |
| MODIFICACIÓN: | BOP núm. 74 do 31 de marzo de 2003 |
| MODIFICACIÓN: | BOP núm. 297 do 29 de decembro de 2003 |
| MODIFICACIÓN: | BOP núm. 299 do 30 de decembro de 2004 |
| MODIFICACIÓN: | BOP núm. 97 do 30 de abril de 2005 |
| MODIFICACIÓN: | BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2005 |
| MODIFICACIÓN: | BOP núm. 298 do 30 de decembro de 2006 |
| MODIFICACIÓN: | BOP núm. 299 do 31 de decembro de 2007 |